

A gran novela

Samuel SOLLEIRO

Baixamos todos á praia, está na area e non se move. É moi grande, pero non todo o enorme que un pensaría. Dámoslle voltas arredor, non sabemos –é evidente– o que facer. Póño-me a chorar. O meu pai póusame a man no ombro e dime que por favor non faga teatro. Pero non é como cando da tartaruga ou cando do canario, a tartaruga sobre todo dérame moita pena pero, a ver, era unha tartaruga; agora non é tanto a pena, pero non se pode facer nada e os meus ollos deciden chorar. Non é máis ca iso. O tío Luís trata de lle meter un garabullo por debaixo para facer panca. Como é de esperar, non funciona. Alguén comenta que o xaponés da casa do fondo sabe destas cousas, que os xaponeses sempre saben destas cousas: vano buscar, o xaponés chega cun pantalón curto, el tampouco sabe, di, algas, eu sei de algas, pero isto, comprenderán. Comprendemos. Algas tamén as hai, e tamén moscas grandes e moscas máis pequenas. Estará viva?, pregunta a miña nai. Ninguén lle responde. Chega a garda civil. Danlle unhas voltas arredor, tamén. Pero só polo lado da area, non se meten na auga. Falan co meu pai e co tío Luís e mais cun veciño que non sei como se chama. Tamén falan por teléfono. Eu paso alternativamente de estar eufórico a estar tristísimo e despois eufórico outra vez e así. Pásolle un dedo polo lombo. Está aceitoso. Está frío. Saco o dedo moi rápido. Un dos gardas civís óllame como se nunca antes na vida vise unha cadeira de rodas. Comeza a subir a marea, os gardas civís vanse, o meu pai convida a xantar o xaponés, que se chama señor Yoshihide, o señor Yoshihide di que vale. Subimos todos até a casa e poñemos a mesa no porche. O señor Yoshihide trae unhas algas nunha friameira, ponse a falar sobre algas co meu pai e a min paréceme extremadamente frívolo que estean a falar de algas nunha situación como esta, e tamén me dá unha pouca vergoña porque sei que o meu pai non sabe nada de algas, nin de

case nada en realidade pero diría eu que de algas menos que nada. Despois falan sobre Xapón. Comemos a ensalada rusa. As algas son como tallaríns negros e estou completamente seguro de que non as quero; non hoxe, precisamente; non despois do que acaba de suceder. O meu pai obrígame a comer as algas, pero é que non as quero e non as quero: non é un capricho, é que, sinxelamente, non as quero. O meu pai levanta a voz. O tío Luís dille que se calme, que non pasa nada se non teño fame, e o meu pai levanta máis a voz e dille ao tío Luís que el non é ninguén para dicirlle como ten que educar o seu fillo e que non parecía preocuparlle tanto o seu propio fillo cando decidiu abandonar a muller co neno pequeno. É unha historia vella, de cando o tío Luís estaba na droga, que reaparece de tempo en tempo: agora o tío Luís págalle a universidade ao fillo e todo é bastante cordial dentro do que cabe. O meu pai levántase da mesa e entra na casa, a situación é moi violenta, pero o señor Yoshihide sorrí como se para el fose perfectamente normal ou como se non entendese nada do que está a pasar e cóntanos unha historia sobre como unha vez, cando era estudante, colleu un tren a outra rexión porque lle dixeran que aló xa floreceran as cerdeiras. Colleu o tren exclusivamente para ver as cerdeiras florecidas. E despois chegou alí e viu que en realidade as que floreceran eran as pereiras, que onde vai dar, e que despois para vingarse do amigo que lle contara o das pereiras convidouno a cear e preparoulle gato dicíndolle que era polo. Imaxino o señor Yoshihide, co seu sorriso, esganando un gato e despois esfolándoo e cortándoo e meténdoo no forno e xa non quero estar sentado nesa mesa, co tío Luís a sorprenderse tanto de que alguén colla un tren *exclusivamente* para ir mirar unhas flores. Baixo á praia. A marea está alta agora, pero vese un vulto negro que sobresa, un pouco á mercé das ondas. Cando

regreso á casa xa non está o señor Yoshihide, o meu pai ensaia co ukelele e todo parece bastante normal. Ceamos polo. É bastante inoportuno despois de ouvir a historia do señor Yoshihide, pero se digo algo ou fago algo, ao meu pai é capaz de darlle un ataque ao corazón, outro, e como no polo resignadamente. Mentres o como cáenme algunhas lágrimas, pero a ninguén parece importarlle demasiado. Non é exactamente chorar. Á mañá seguinte a praia é como se cheirase máis a mar que o propio mar. O tío Luís volve tentar o do garabullo. Non sei como pode pensar que vai funcionar nin, no caso de que funcionase, de que lle podería servir o esforzo. O señor Yoshihide volve baixar e tráenos unha bolsa chea de algas. Para min trae unha especie de bolo de arroz envolto en papel albal. Cando chegamos á casa, o meu pai tira as algas no lixo. Xantamos luras con patacas na mesa de dentro e non falamos. Á tarde todo segue igual: a marea alta, o vulto negro. O meu pai volve chamar á garda civil. Ao outro día veñen os dous axentes da outra vez e non fan nada en especial, dan voltas pola praia, falan por teléfono. Xa non baixa o meu pai, nin a miña nai, nin o tío Luís, apenas algúns veciños, poucos. Pola tarde vén unha grúa e un camión. Enganchan a balea pola cola e bótana no camión. O ruído xordo que fai ao caer é o ruído da morte, penso. Levántase un fedor espantoso. É o ciclo da vida, di a voz do señor Yoshihide ao meu carón, nacemos, crecemos, reproducímonos e, un día, por fin, morremos; e

entre unhas cousas e outras, tomamos contacto coa beleza e mais coa fealdade deste mundo. Se as circunstancias fosen outras, gustaría de darlle unha patada no cu ao señor Yoshihide. O camión desaparece. Gostaría de saber cara a onde. O señor Yoshihide empúrrame a cadeira até a porta da casa. A miña nai ofrécelle ficar a cear, un salpicón, pero el di que ten unha menestra a desconxelar. Fáiseme raro pensar no señor Yoshihide comendo unha menestra. Na casa cheira case tan mal como na praia, seguramente por causa das algas, que seguen no caldeiro do lixo. Eu case non como, e cando o meu pai se lembra das algas e baixa correndo a bolsa para o contentor, aproveito para botar unha choreira pequena. A miña nai pregúntame se estou ben e o tío Luís pregúntame se é pola balea. Non, home, non, dígolle, como vai ser pola balea. Pero si que é pola balea, en parte, e tamén porque estou a me lembrar da tartaruga, que tiña unha cara moi simpática e chamábase Filomena. Vou para o cuarto. Non se pode facer nada, penso. Nacemos, crecemos e todas esas cousas, penso. Prendo o computador e escribo algunhas palabras. Unhas palabras que me veñen á cabeza. Frases. O meu pai toca o ukelele no porche. Esta vai ser a gran novela, penso. En realidade dígoo en voz alta pero ninguén me escoita. Pero á media páxina estou xa tan aburrido que decido facer mellor un conto e pouco despois decido non escribir o conto tampouco. Entro en internet.